



INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO PARA CAMBIO DE UNIVERSIDADE DE CUSTODIA DO EXPEDIENTE NOS ESTUDOS DE GRAO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL

As persoas que, matriculadas na Universidade de Santiago de Compostela nos estudos de Grao en Intelixencia Artificial, desexen cambiar á Universidade da Coruña o seu expediente, axustaranse ao seguinte procedemento:

- 1) Solicitude:
 - a) Prazo: do 1 de xuño ao 1 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.
 - b) Medio: correo electrónico dirixido á dirección soa@udc.gal, indicando:
 - Asunto: Cambio de universidade de custodia de expediente-Grao en Intelixencia Artificial.
 - Corpo do correo: Solicito o cambio do meu expediente nos estudos de Grao en Intelixencia Artificial dende a Universidade de Santiago de Compostela á Universidade da Coruña.
 - Arquivos adxuntos:
 - o Copia do DNI/Pasaporte/NIE en vigor.
 - o Copia simple do expediente académico que recolla a situación da persoa solicitante na data da solicitude.
- 2) Selección: a selección efectuarase tendo en conta, unicamente, a media do expediente universitario, sempre e cando as persoas solicitantes cumpran os requisitos de permanencia da UDC.

Esta media calcularase tendo en conta a situación do expediente da persoa solicitante unha vez pechadas as actas de cualificacións das probas de avaliación da segunda oportunidade na Universidade de Santiago de Compostela. A Universidade da Coruña solicitará á Universidade de Santiago de Compostela as correspondentes certificacións académicas para o cálculo da dita media.

 - a) Listado provisional: 24 de xullo de 2024.
 - b) Prazo de reclamacións: do 25 ao 29 de xullo de 2024.
 - c) Listado definitivo: 31 de xullo de 2024.
- 3) Matrícula: do 5 ao 23 de agosto de 2024.
- 4) Prazas ofertadas: 5 (estas prazas non están reservadas ás persoas procedentes da Universidade de Santiago de Compostela, senón que serán compartidas coas persoas procedentes da Universidade de Vigo).

A información completa do procedemento pódese consultar na Normativa de Xestión Académica da Universidade da Coruña para o curso 2024/25.